



Asociación Cova Crea  
Lugar da Reitoral núm. 8, Corcoesto  
15491 Cabana de Bergantiños (A Coruña)

**Asunto:** Reiteración da solicitude de acceso ao Inventario de humidais de Galicia, en relación cos humidais xa incorporados e solicitude de medida cautelar urxente.

En relación co seu escrito do 15.03.2021, onde solicita acceso á información ambiental que obra no Inventario de humidais de Galicia, e a implementación dunha medida cautelar nos humidais pendentes de inclusión, informámoslle do seguinte:

En relación coa solicitude de acceso ao Inventario de humidais de Galicia:

O artigo 15.2 do Decreto 127/2008, do 5 de xuño, polo que se desenvolve o réxime xurídico dos humidais protexidos e se crea o Inventario de humidais de Galicia establece que o procedemento de inclusión dun humidal protexido no Inventario finaliza coa resolución da persoa titular da dita dirección xeral que será publicada no *Diario Oficial de Galicia* e incluírá nome, código, superficie e localización xeográfica do humidal.

A día de hoxe non hai ningunha resolución de inclusión publicada no *Diario Oficial de Galicia*, polo que non hai ningunha zona húmida inscrita no Inventario de Humidais de Galicia.

En relación coa solicitude de medida cautelar:

O artigo 13.4 do Decreto 127/2008, do 5 de xuño, establece que a inclusión dun humidal no inventario lévase a cabo unicamente aos efectos estatísticos e de investigación, e non implica a aplicación dun réxime de protección para estes espazos, polo que non procede a aplicación de medidas cautelares.

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela

O subdirector xeral de Espazos Naturais

Tomás Fernández-Couto Juanas

